

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR COA SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRA MAIOR:

EN TODOS OS TIPOS:

1. Instancia.
2. Plano de situación da cartografía municipal (a escala 1:2000 en zona urbana, 1:5000 nos núcleos rurais e 1:10000 no resto), marcando a parcela.
3. Fotocopia do carné de identidade do solicitante. En caso de actuar en representación, fotocopia dos documentos de identidade do representante e o solicitante, coa autorización escrita deste último ou copia de poder para representalo.

A.- Con carácter xeral:

4. Proxecto técnico visado polo correspondente colexio profesional, que inclúa toda a documentación técnica necesaria para definir as obras que se pretenden executar incluso memoria urbanística, memoria xustificativa do cumprimento da normativa vixente aplicable, estudo de seguridade e saúde e prego de condicións técnicas.
5. Nas edificacións de máis de 1 vivenda terá que presentarse proxecto de infraestruturas comúns de telecomunicacións.
6. Oficios de dirección de obra, segundo a Lei de ordenación da edificación. Se o redactor do proxecto é un arquitecto, os oficios de dirección de obra serán dous: o de arquitecto e de arquitecto técnico.
7. Cuestionarios de estatística de edificacións.
8. Fotos da parcela, ou edificación existente no seu caso.
9. Nos casos de ampliación, copia da licenza anterior.
10. Documento público compulsado que acredite a titularidade e superficie da parcela en zona non urbana o unhas que sendo urbana, se precise acreditar unha superficie mínima.
11. Para obras reguladas polas ordenanzas UN, MF, SA, PF, PN, solicitude de trámite polo artigo 41 da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (Lei 9/2002 modificada pola Lei 15/2004) achegando a documentación especificada na citada lei e na Circular Informativa 2/2003, publicada no DOG do 5 de agosto de 2003.
12. No seu caso, solicitude de acometida de servizos.
13. No caso de acometerse unha obra destinada a unha actividade concreta, deberá solicitarse simultaneamente a licenza de apertura correspondente.

B.- Nos derrubamentos non é preciso o 7, 9 e 10 pero deberá presentarse:

14. Xustificación das medidas a adoptar para non afectar á seguridade pública.

C.- No caso de construción de NAVES no Polígono Industrial achegará ademais:

15. Plano parcelario.
16. Solicitude simultánea de licenza de apertura. No seu caso xustificación de que non ten uso definido.

NOTAS IMPORTANTES:

- a) No caso de existiren edificacións na parcela na que se pretenden executar as obras novas, estas deberán reflectirse sobre o plano de emprazamento e incluíranse no cálculo da ocupación e da edificabilidade. Se a nova edificación pretendere substituír unha existente, deberá solicitarse ao derrubamento desta.
- b) Se existe parcelación, segregación ou agrupación de parcelas, deberá solicitarse a oportuna licenza, previa ou simultaneamente con esta, no correspondente impreso.

O Concello resérvase a facultade de solicitar calquera outra documentación que se considere necesaria, para calquera tipo de solicitude.